



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2017).



**A
c
t
u
a
c
i
ó
n
s
d
a
r
e
d
e
c
o
m
u
n
i
t
a
r
i
a**
**d
o
b
a
r
r
i
o
d
e
F
o
n
t
i
ñ
a
s**
**-
a
n
o
2
0
1
7
-**

Documento elaborado polas traballadoras sociais da UTS Fontiñas e Programa municipal socioeducativo (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios), recollendo a información facilitada polos restantes profesionais pertencentes á rede comunitaria (incorporada na web www.compostelaintegra.org) e que se corresponden coas seguintes entidades: Servizos Sociais Comunitarios – Programa de Prevención, Centro de Saúde de Fontiñas, IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, Cáritas Parroquial das Fontiñas, Programa de atención a familias “Abeiro”, Cruz Vermella, Fundación Secretariado Gitano, Asemblea de Cooperación pola Paz e Centro de Día Arela, colectivo Barriopía.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2017).**

✚ **16 de xaneiro de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora IES Antonio Fraguas; Orientadora do CEIP Fontiñas; Orientador do CEIP Monte Dos Postes, educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnica de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnico de Asemblea de Cooperación pola Paz; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, traballadora social do centro de saúde de Fontiñas, alumnado en prácticas da USC. Abórdanse as seguintes cuestións:

1. **Valoración cualitativa do proxecto “A nosa vida en positivo” 4ª edición:** Realízase unha avaliación cualitativa do proxecto. As valoracións realizadas da actividade na que se abordan o ámbito de saúde e o xudicial reflexan resultados moi positivos Faise especial mención a contextualización dos contidos abordados que favoreceu a súa comprensión así como a linguaxe utilizada polo ponentes, a harmonía do discurso das dúas poñentes, que favoreceu o debate posterior e a integración dos/as participantes.

Por outra banda, desde a área de Prevención, o técnico defende a posibilidade de introducir un novo campo mais social, como un aspecto máis próximo á vida cotiá dos/as participantes.

Queda pendente subir a documentación á Rede de Compostela Integra.

Lola, expón a falta de dispoñibilidade de recursos neste senso, sobre todo no ámbito da prevención a nivel de centros educativos e a non priorización do seu centro como destinatario da formación fan que se quede sen esta.

Lola informa dun proxecto de graffitti vencellados a versos literarios, “ Poesía e graffiti” solicitando a colaboración do concello para aparte práctica do memso.

Jorge informa sobre o proxecto de sensibilización sobre os graffiti, destinado formar 40 nenos mediante 40 horas de formación practica. A traves dest proxectos e van implementar en 3 lugares da cidade sendo graffitis: Vite, CEIP Fontiñas e domicilio particular en Pontepedriña.

2. **Programación da segunda parte do proxecto, para alumnado de secundaria co Centro Penitenciario de Teixeira**

Isabel palntexa as dificultades para establecer unha calendarización co centro penitenciario, trasladara contacto a Lola, orientadora do IES Antonio Fraguas, para concretar datas de implementación.

3. **Facilitación de información por parte de Cruz Vermella e Cáritas Parroquial, sobre actividades que se están a levar dende éstas. Conveniencia de poder incorporar esa información á parte pública da web CompostelaIntegra:**

A representante de Cruz Vermella, Mari do departamento de Persoas Maiores, informa de que están a levar a cabo varios proxectos concretados en diversas actividades. Sen embargo, non existe aínda documentación oficial tramitada desde a Sede de Cruz Vermella, polo que non é posible compartir



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

esa información na plataforma integra ata que conte coa autorización pertinente. Mari queda en facernos chegar esta.

Dende Cáritas, transmítese que se pasará información sobre as súas propostas, tras a reunión parroquial do vindeiro martes.

A traballadora social do Centro de Saúde, invita a que ámbolos dous colectivos a manter unha xuntanza de coordinación, para traballar en rede e non solapar actividades ou esgotar recursos.

4. Programación da sesión formativa da Asociación TP Galicia:

Será realizada, en principio, o luns día 13 de Febreiro de 2017, no IES Antonio Fraguas, nun horario de tarde de 16:30h a 18:30h. Poderán asistir un máximo de 20 persoas.

Estúdase a posibilidade de abrir a formación ós axentes da rede comunitaria e os profesionais que integran a mesma.

Queda pendente subir á Rede Compostela Integra, un pequeno resumo dos contidos do proxecto, así coma as datas estimadas á axenda. Dende TP facilitaran contido do proxecto.

5. Información sobre as xestións que se están a levar a cabo coa actividade relacionada co deporte:

Jorge informe da limitada oferta existente para a implementación deste acción polo que será organizada pola REDE.

Propónse crear un espazo de charla-coloquio, de 90 minutos, para a sensibilización dos/as cativos/as en valores deportivos, pertencentes a 6º de primaria e 1º de ESO. O técnico de prevención farase cargo da procura dun referente deportivo para a actividade, mentres que o resto de axentes participantes colaborarán na organización do evento.

Falase da posibilidade de dous espazos para a súa realización. O salón de actos da EGAP, no que tería lugar unha única sesión de 200 participantes, ou o CSC de Fontiñas, onde serían dúas sesións de 100 persoas.

A actividade planifícase para dúas datas posibles, do 3-7 de Abril ou do 19-22 de Xuño. Decidirase según dispoñibilidade do/a deportista.

Queda pendente concretar un título chamativo para a iniciativa.

6. Outras cuestións que deban ser tratadas dende o ámbito comunitario:

- Queixa da orientadora do IES Antonio Fraguas, pola falta de talleres, programas, entre outros, no seu centro. Ademais de destacar a condensada axenda dos axentes que traballan no barrio.

- Técnico de prevención, posta en marcha de catro proxectos, facendo especial fincapé no feito de recuperar os talleres de prevención e consumo de drogas.

- Cruz Vermella debate sobre a posibilidade de abrir o taller de grafiti do IES Antonio Fraguas ó público, sen embargo a petición é denegada.

-Desde a Fundación Secretariado Gitano infórmase de que se inicia a convocatoria de selección dun prospector/ra laboral. Ó tempo que se indica que o programa Aprender Traballando da comezo o



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

día 1 de Febreiro de 2017, tendo lugar esta convocatoria dentro de hoteis. Por último, indícase que se está a traballar co grupo de mulleres de Fundación a través de técnicas de teatro.

- A traballadora social de Fontiñas, informa sobre un cambio na súa situación laboral, xa que foi trasladada Galeras con outras funcións. Acórdase necesidade de tratar este feito coa concelleira e procurar solucións dado as implicacións deste cambio no traballo comunitario e de zona reunión.

✚ **16 de xaneiro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:

- Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.
- Asociación ARELA
- Departamentos de Orientación do IES Antonio Fraguas, do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do CEIP Fontiñas.
- Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- Asociación Abeiro, entidade social.
- Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación en "Pedagogía Social e Educación Ambiental" (SEPA-interea).

Cuestións abordadas:

- Información sobre os contactos/entrevistas iniciais coas familias seleccionadas ate o momento
- Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia, seguindo a orde proposta na reunión anterior.
- Data e hora da seguinte reunión

✚ **19 de xaneiro de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora IES Antonio Fraguas; Orientadora do CEIP Fontiñas; Orientador do CEIP Monte Dos Postes, educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnica de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnico de Asemblea de Cooperación pola Paz; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, traballadora social do centro de saúde de Fontiñas e Concelleira de políticas sociais, diversidade e saúde . Abórdanse unha única cuestión:

1. **Cambios na configuración da PAS Fontiñas:** A Concelleira de políticas sociais, diversidade e saúde traslada aos asistentes as novas funcións que lle foron asignadas a TS Eva González, que pasa a asumir funcións de xefatura dentro dos Servizo sociais comunitarios deixando a atención no PAS Fontiñas. Os asistentes expresan o seu malestar polos cambios dado a profesionalidade e traxectoria de Eva dentro do barrio e a vital labor desempeñada, o tempo que a felicitan cos mellores parabéns sabendo que a unha gran perda pero que o departamento de servizo sociais gaña unha moi boa profesional.

✚ **23 de xaneiro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:

- Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2017).**

- Asociación ARELA
- Departamentos de Orientación do IES Antonio Fraguas.
- Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- Asociación Abeiro, entidade social.

Cuestións abordadas:

- Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia, seguindo a orde proposta na reunión anterior.
- Data e hora da seguinte reunión

✚ **24 de xaneiro de 2017:** Incorpórase á web compostelaintegra información relativa á Memoria de actividades da rede comunitaria no ano 2016.

✚ **1 de febreiro de 2017:** Incorpórase á web compostelaintegra información sobre as actividades implementadas dende o departamento de maiores de Cruz Vermella.

✚ **1 de febreiro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:

- Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.
- CaixaProinfancia: Obra Social “la Caixa” e Asociación ARELA
- Departamentos do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do CEIP Fontiñas.
- Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- Asociación Abeiro, entidade social.

Cuestións abordadas:

- Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia, seguindo a orde proposta na reunión anterior.
- Avaliación do CaixaProinfancia
- Data e hora da seguinte reunión

✚ **5 de febreiro de 2017:** Incorpórase á web compostelaintegra información relativa á charla informativa que impartira Asociación de Trastorno de Personalidade (TP) no marco do proxecto “ENTRE REDES TP”.

✚ **13 de febreiro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:

- Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.
- Asociación ARELA
- Departamentos do IES Antonio Fraguas.
- Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- Asociación Abeiro, entidade social.

Cuestións abordadas:

- Información sobre o CPI; evolución entrevistas familias ,dificultades na implementación, xuntanza concellaría,..
- Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia, seguindo a orde proposta na reunión anterior



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

- Data e hora da seguinte reunión

- ✚ O pasado día **13 de xaneiro** levouse a cabo a formación dirixida a técnicos, impartida pola asociación de Trastornos de la Personalidad (TP) Galicia, a formación enmárcase dentro do **proxecto ENTRE REDES TP**. O lugar de celebración foi no IES Antonio Fraguas.

A formación tiña como finalidade realizar unha pequena introdución aos trastornos da personalidade, pero sobre todo dar a coñecer a asociación: programas, metodoloxía de intervención, tratamentos, tipoloxías, posibilidades de colaboración, procedemento de derivación de casos, etc. É dicir, dar a coñecer a vertente práctica desta entidade.

Con esta actividade pretendeuse acadar os seguintes obxectivos:

- ✚ Dar a coñecer as características e dificultades dos Trastornos da Personalidade.
- ✚ Crear un espazo de reflexión e identificar vías de acción.
- ✚ Posibilitar o traballo en rede entre os distintos profesionais socio-educativos.
- ✚ Dar a coñecer a entidade e os programas que desenvolven.

Este espazo permitiu coñecer ás profesionais de referencia da entidade e establecer vías e canles de comunicación de cara posibles colaboracións e derivacións de futuro para a abordaxe de casos.

A sesión foi presentada e conducida pola orientadora do IES Antonio Fraguas: Lola Sanz.

Acudiron a este espazo formativo un total de 21 técnicos das diferentes entidades integrantes da rede comunitaria do barrio de Fontiñas: docentes do CEIP Fontiñas e do IES Antonio Fraguas, técnico do Programa Abeiro, da Fundación Secretariado Xitano, do centro de Saúde de Fontiñas e dos servizos sociais comunitarios do concello de Santiago.

Pódese facer unha valoración moi positiva da actividade non só polo interese da temática abordada, senón tamén polo feito de dar continuidade a esta forma de traballo, na que compartimos os recursos humanos da propia rede para realizar accións formativas comunitarias. Gracias por esta colaboración ás compañeiras de TP incorporadas á rede do Barrio de Fontiñas este curso.

- ✚ **20 de febreiro de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora e director do IES Antonio Fraguas; orientadora do CEIP Fontiñas; educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnicas de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, alumnado en prácticas da USC. Abórdanse as seguintes cuestións:

1. **Valoración cualificativa da** sesión formativa implementada pola Asociación TP Galicia, o día 13 de Febreiro no IES Antonio Fraguas: Realízase unha avaliación moi positiva da actividade realizada.

Formación dirixida aos técnicos que se valora como enriquecedora e que complementa a posible intervención comunitaria e axuda á apertura de miras sobre esta temática.

Resáltase o interesante do formato da sesión de formación baseado no aproveitamento dos recursos humanos da rede comunitaria. Plantéxase a posibilidade de repetir a experiencia.

O único que se botou en falla foi a maior participación dos profesionais do tecido educativo, intentarase facer especial fincapé en incrementar esta participación.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

2. Planificación da segunda parte do proxecto, para alumnado de secundaria co Centro Penitenciario de Teixeira

Existiron dificultades á hora de contactar cun futuro poñente. Queda pendente retomar a planificación da actividade xa que o exceso de traballo non lle permitiu avanzar. Proxéctase a actividade para o vindeiro trimestre escolar, coméntase o interesante que foi a primeira parte do proxecto.

3. Programación da actividade prevista relacionada co deporte:

Xestionouse o contacto con algunha persoa de transcendencia dentro do mundo do deporte:

Iván Raña: rexéitase. Demasiado cara a súa contratación.

Susana Rodríguez (triatleta, diversidade funcional, albina, médica).

Borja Golán (15 veces campión España Squash).

O perfil máis interesante sería o de Susana pola súa capacidade de superación e inclusión plena na sociedade. Plantéxase un cambio de data para a última semana de Marzo (27 ó 31) ou para a semana do 7 de Abril, xa que a atleta non podería na primeira data estimada.

Zoraida de Cruz Vermella propón unha alternativa, un mozo de Ames de 19 anos, Marcelo Lusame, que é cego e skater.

Jorge, falará con Susana e estimaran unha data para a actividade. Pendente o peche da mesma. Tras pechar a data é necesario concretar o espazo, Carlos o director do IES Antonio Fraguas solicitará o espazo na EGAP.

4. Previsión doutras actividades comunitarias:

Concrétase a data para o Trócame Roque deste ano, será o venres 12 de Maio. Zoraida de Cruz Vermella coordinarase con Área Central pra pechar o día e acordar o espazo do mercadillo dentro do recinto.

- Xuntanza específica para o 13 de Marzo ás 9:30h. Temáticas pendentes para abordar:
- Finalidade da actividade. Feedback para a comunidade, posibilidade de centralo nas actividade extraescolares, entre outras ideas.
- Reflexionar sobre o número de participantes.
- Limitación nos usos dos espazos.

Aínda hai sobrante 1000€ do anterior mercadillo, debe determinarse un novo obxecto do mercadillo que será acordado por todos os membros das xuntanzas de barrio.

Coméntase repetir a organización interna do ano pasado polos bos resultados obtidos.

5. Outras suxestións:

O IES Antonio Fraguas informa que para a realización da súa iniciativa de grafiti (customizar sumidoiros e contenedores ó tempo que se farán debuxos e poesías nas gradas deportivas do IES), precisan que o Concello sufrague o custe económico dos materiais necesarios, pintura, grafiteiros etc. A orientadora queda en pasarlle a Jorge fotos dos espazos nos que se realizarán os grafitis, para que os artistas determinen o custe da actividade.

- ✚ **6 de marzo de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:
 - Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

- CaixaProinfancia: Obra Social “la Caixa” e Asociación ARELA
- Departamentos do IES Antonio Fraguas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do CEIP Fontiñas.
- Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- Asociación Abeiro, entidade social.

Cuestións abordadas:

- Información sobre o CPI, Carlos Fernández presenta a Oriol Campá quen irá de forma progresiva facéndose coa coordinación do CPI en Galicia
- Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia, seguindo a orde proposta na reunión anterior.
- Data e hora da seguinte reunión

✚ **10 de marzo de 2017:** Incorpórase á web compostelaintegra información relativa aos prazos de admisión nas escolas infantís municipais así como sobre o proceso admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos. Curso 2017-18 . Incorporase tamén información relativa a solicitude do complemento de aluguer para titulares de PNC que residan nunha vivenda alugada.

✚ **13 de marzo de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora e director do IES Antonio Fraguas; orientadora do CEIP Fontiñas; educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnica de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, alumnado en practicas da USC e Barriopia. Abórdanse as seguintes cuestións:

1. Planificación y organización do Mercadiño Solidario: V. Trocame - Roque:

Debate amplo sobre a finalidade que terá esta nova edición do mercadiño

O mercadiño solidario Trocame - Roque terá lugar o próximo 12 de Maio de 2017. Modifícase o horario da pasada edición, desenvolvéndose este ano de 17:00 a 20:00.

O período de inscrición ábrese o 4 de Abril e péchase o 2 de Maio, para ter tempo para organizar as inscricións e solucionar os problemas que poidan xurdir. O prezo da inscrición será de 1€ e haberá un límite de 50 prazas.

Algúns temas tratados na reunión sobre o mercadiño foron os seguintes:

- Posposta de posibles actividades que se van a desenvolver no mercadiño son:
 - Taller de cociña. (?)
 - Planetario da Caixa, que xestionará Mila a través de PROINFANCIA
 - Proposta de xogos populares, Mila e Sol quedaron de ver opcións.
 - Actividades de Cruz Vermella.
 - Taller de encadernación de AFEXDI, Abeiro establecerá contacto con esta entidade e realizará proposta de participación no mercadiño.
 - Papiroflexia, encargárase Lola de xestionar este.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

- Jorge dende prevención promovera:
- Taller de BreakDance e actuación de peche do mercadiño.
- Exhibición de Parkour.
- Obradoiro de chapas e gorras personalizadas. Realizarase proposta a ACP
- Valorase a posibilidade de que a Asociación Cultural e Musical SOLFA de Santiago, volva a repetir actuación de apertura do mercadiño. Marga encargárase de poñerse en contacto con esta entidade. Proporase tamén apertura o coro do IES.
- Photocool Propónse á representante do colectivo Barriopia, realizar unha reportaxe de fotos e vídeo do mercadiño. Ademais, exponse a posibilidade de realizar un Photocool con "bocadillos de cartón pluma" con frases relacionadas coa iniciativa. Sol encargárase da súa realización.

- En base a proposta de actividades Zoraida de Cruz Vermella encargárase de reservar e solicitar autorización a praza para a realización de xogos populares e outras accións en AFISER, para o día 12 de Maio.

- En canto ás porcentaxes económicas, sometéronse a debate todas as propostas realizadas polos asistentes, quedando como conclusión manter o 50% - 50% da edición pasada pero dando a oportunidade ou a invitación (aos participantes) de achegar o 100% segundo consideren. Farase constar na solicitude.

Zoraida de Cruz Vermella propón potenciar o troque dentro do mercado mediante un espazo específico destinado ao troque, para que esta parte da iniciativa solidaria non quede no esquece. A súa idea baséase nun "Recuncho do Troque".

- Propónse que na inauguración de Trocame- Roque participe a conselleira, a xefa (Eva) e un neno/a de os que participe no mercadiño.

Decídese repetir a organización interna do ano pasado polos bos resultados obtidos.

Lola encargárase de realizar o cartel do mercadiño e Marga das inscrición e de subir ambos os documentos á web de Compostela Integra, para que todos poidan ter acceso a ela. Dende a UTS e o programa socioeducativo realizaron o proxecto do mercadiño.

2. Programación da actividade prevista para o proxecto A nosa Vida en Positivo, relacionada co deporte:

A persoa invita a esta actividade e Marcelo Lusardi (un mozo de Ames de 19 anos, Marcelo Lusardi, que é cego e skater. A actividade terá o formato dun coloquio logo da visualización dun vídeo representativo de Marcelo.

Esta charla terá lugar o vindeiro luns 3 de Abril, en horario de 10:00 a 11:30. Está dirixido aos alumnos de 6º de primaria e de 1º ESO dos centros educativo: CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes e IES Antonio Fraguas.

Pendente da confirmación do lugar de realización; EGAP reservarase tamén o CSC por si non hai dispoñibilidade de espazo na EGAP.

Jorge comenta que antes da intervención, proxectarase un vídeo coa historia de Marcelo. Tamén indica que descoñece a capacidade comunicativa e de expresión do xoven.

Lola, orientadora do IES Antonio Fraguas, encargárase de realizar o cartel. O título provisional acordado nesta reunión foi "Coloquio Marcelo Lusardi: deporte e superación persoal", aínda que está



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

aberto a novas propostas. Trasládara o director do IES a data de celebración para que este proceda a reserva de espazo na EGAP, tal e como este indicara que realizaría na anterior xuntanza.

3. Previsión doutras actividades comunitarias:

Desde o colectivo Barriopía, dáse a coñecer a iniciativa "Fontiñas, da Aldea ao barrio", a cal trata de a organización dun paseo polo barrio de Fontiñas o día 25 de Marzo de 2017, baseado na idea de James Walk.

Tamén se informa sobre a próxima edición de "The Bloque en Bloque Festival" que terá lugar o próximo 17 de Xuño no barrio de Fontiñas.

✦ **13 de marzo de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora e director do IES Antonio Fraguas; orientadora do CEIP Fontiñas; educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnica de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, alumnado en practicas da USC e Barriopía. Abórdanse as seguintes cuestións:

- ✦ **13 de marzo de 2017:** Incorporase a web a Compostela Integra información sobre o programa municipal de conciliación de "Semana Santa 2017"
 - ✦ **27 de marzo de 2017:** Incorporase a web a Compostela Integra o proxecto IV edición de A nosa vida en positivo?"Vulnerabilidade social en adolescentes": "DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL"
 - ✦ **27 de marzo de 2017:** Incorporase a web Compostela Integra o cartel da actividade da IV edición de A nosa vida en positivo?"Vulnerabilidade social en adolescentes.
 - ✦ **4 de abril de 2017:** Incorporase a web a Compostela Integra o cartel da V edición do mercadiño solidario "TROCAME-ROQUE"
 - ✦ **4 de abril de 2017:** Incorporase a web a Compostela Integra información sobre a prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos.
 - ✦ **2 de maio de 2017:** Incorporase a web a memoria de avaliación do proxecto : "A nosa vida..., en positivo?, IVª edición
 - ✦ **3 de maio de 2017:** Incorpórase a web o proxecto correspondente ao V Mercadiño Solidario "Trócame Roque" que se celebrará o vindeiro día 12 de maio, a partires das 17:00h no Area Central.
 - ✦ **15 de maio de 2017:** Incorpórase á web compostela integra información sobre a oferta lúdica de conciliación municipal oferta dende o departamento de educación para os meses de xuño, xullo e setembro.
 - ✦ **8 de maio de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); educadora do Programa de atención a Familia Abeiro; técnica de Cruz Vermella; director do IES Antonio Fraguas, coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, orientadora do CEIP Fontiñas
- Abórdanse unha única cuestión:

1. Planificación y organización do Mercadiño Solidario: V. Trocame - Roque:



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2017).**

- Facílitate información sobre o nº total de solicitudes existentes ata o momento por entidades e centros educativo par o mercadiño así como o nº total de participantes.

CENTRO EDUCATIVO	GRUPOS	ALUMNOS
IES ANTONIO GRAGUAS	6	20
CEIP FONTIÑAS	30	122
CEIP MONTE DOS POSTES	10	34
CRUZ VERMELLA	3	27
ABEIRO	2	9
FUNDACION S. G.	1	5
ARELA CENTRO DE DIA	1	10
TOTAL GRUPOS	53	225

- Establécense detalles organizativos, defínese que persoas acudirán o venres en xornada de mañan e cales de tarde para prever unha organización de tempos/ tarefas.

- ✦ **8 de maio de 2017:** Rolda de prensa difundindo o V Mercadiño solidario Trócame-Roque Asisten: Concelleira de Políticas Sociais, director do IES Antonio Fraguas, orientadores do CEIP Fontiñas e CEIP Monte dos Postes, coordinadora da Fundación Secretariado Gitano, educadora social do Programa de atención a familias Abeiro e técnico de prevención da UMAD.



- ✦ **12 de maio de 2017:** Mercadiño solidario Trócame-Roque
- ✦ **15 de maio de 2017:** Incorpórase á web compostela integra información sobre o programa municipal de conciliación: ESCOLAS DE VERÁN 2017.
- ✦ **24 de maio de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:
 - Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.
 - CaixaProinfancia: Obra Social “la Caixa” e Asociación ARELA



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

- Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.

Cuestións abordadas:

- Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia, seguindo a orde proposta na reunión anterior.
- Data e hora da seguinte reunión
- ✦ **29 de maio de 2017:** Incorpórase á web compostela integra información sobre a Convocatoria do fondo solidario de libros de texto e axudas para libros de texto e material escolar.
- ✦ **29 de maio de 2017:** Incorpórase á web compostela integra información sobre as Bases para a concesión de bolsas de comedor, material escolar e actividades extraescolares para unidades de convivencia do Concello de Santiago de Compostela, que teñan menores de idade ao seu cargo escolarizados en centros sostidos con fondos públicos, de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria, e que estean matriculados ou teñan reserva de praza para o curso 2017/2018.
- ✦ **19 de xuño de 2017:** Incorpórase á web compostela integra memoria de actividades da V edición do Mercadiño Solidario TROCAME- ROQUE.
- ✦ **15 de xuño de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:
 - Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.
 - CaixaProinfancia: Obra Social “la Caixa” (Acode Oriol e representante da Fundación Proinfancia) e Asociación ARELA
 - Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
 - Departamentos do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do CEIP Fontiñas.

Cuestións abordadas:

- Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia, seguindo a orde proposta na reunión anterior.
- Reflexións sobre o funcionamento ata o momento do programa , necesidade de definir unha estratexia de intervención acordo cos cambio acacidos.
- Data e hora da seguinte reunión
- ✦ **16 de xuño de 2017:** Incorpórase á web compostela integra memoria de avaliación da V edición do mercadiño solidario TROCAME-ROQUE.
- ✦ **19 de xuño de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); orientadora do IES Antonio Fraguas; orientadora do CEIP Fontiñas; educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnica de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnico da Fundación Secretariado Xitano, técnico de ACP, técnicas de TP Galicia:

Abórdanse as seguintes cuestións:

1. Valoración do Mercadiño Solidario: V. Trocame - Roque:



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

En xeral efectúase unha valoración moi positiva do Mercadiño, acadando os obxectivos previstos. Dende o Punto de atención faise entrega aos asistentes dun resumo do mercado, a memoria de avaliación está subida a rede Compostela integra.

Realízanse as seguintes achegas por parte dos asistentes de melloras para futuras edicións:

- Tema lixo, nesta edición xerouse gran cantidade de lixo que non foi recollida polos participantes no mercado. Proponse que se coloque en cada isleta contedores do lixo.
- Distribución das enquisas de avaliación ao inicio do mercado para que poida dispor de máis tempo para cumprimentar estas.
- Necesidade de realizar unha maior definición da finalidade do mercadiño.
- Dispor de megafonía
- Realización de pegatinas para identificar ao menores participantes no mercado.
- Facilitación de folios para leva a cabo un control de gastos.
- Tema merendas, reducir o contido das mesmas (auga e froita).
- Abeiro volve a incidir na idea de ser 100% solidarios coa doazón de todo o recadado.
- Dispor das avaliacións dende o inicio do mercado.
- Rotación do menores e centros educativos que fagan a presentación do mercado.
- Tema graffiti, valorar unha localización lonxe dos talleres.

Necesidade de identificar de cara próxima xuntanza en que investir o recadado.

2. Presentación do Proxecto "CONVIVE" dende a asociación Arela.

Convenio entre a entidade Arela e a Xunta de Galicia no ámbito da reforma. Destinatarios menores de entre 14 e 18 anos, que foron sancionados ao cumprimento da medida en réxime aberto de residir cun "núcleo convivencia". As familias recibiran formación e serán acompañadas durante todo o proceso. Medida remunerada.

Persoa de referencia Anxela.

Próxima Xuntanza: 18/09/2017 as 9:30 h. No CSC de Fontiñas

✦ 6 de xullo de 2017: 2ª xuntanza da Mesa Institucional Caixa Proinfancia.

Convocatoria de reunión da mesa institucional do programa CAIXAPROINFANCIA de Santiago de Compostela . Data da xuntanza: 6 de xullo de 2017, hora: 10.30h-12:00h Lugar: Centro Sociocultural Fontiñas: Rúa de Berlín, 13 (Santiago de Compostela)

Participantes:

- - Consellería de Educación (Xunta de Galicia): Manuel Vila López (Subdirector Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado)
- - Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia): Marina Pérez Tenreiro (Departamento de Xestión SocioSanitaria) e/ou Jesús Osorio López (técnico).
- - Consellería de Política Social (Xunta de Galicia) : Emmanuela Díaz Castro (Subdirectora Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia) e Ana M^ª Aboy (Subdirectora Xeral de Inclusión e Integración Social)
- - Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde (Concello de Santiago): Concepción Fernández Fernández (Concelleira)



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

- - Concellaría de Educación e Cidadanía, con competencias en Educación, Cidadanía e Dereitos Humanos. Deputado provincial. Manuel Dios Diz (Concelleiro)
- - Universidade de Santiago de Compostela: Jose Antonio Caride Gómez (Director Científico do programa CaixaProinfancia en Galicia)
- - Asociación Arela: Milagres Budiño Gasamáns (Coordinadora do CaixaProinfancia en Santiago de Compostela) e M^a Teresa Celeiro Mallo (Coordinadora da Área de Protección)
- - Obra Social “la Caixa”: Oriol Campà Ollés (Técnico da Área Social: Departamento de loita contra a pobreza e humanización da saúde) e Susan Santos Morales (Xestora Territorial en Galicia).
- Orde do día:
 1. Presentación do obxecto da reunión da Mesa Institucional do Programa CaixaProinfancia. Oriol Campà Ollés, Fundació Bancària “La Caixa”: Área Social – Departamento de lucha contra la pobreza y humanización de la salud)
 2. Balance da posta en marcha do Programa CaixaProinfancia en Santiago de Compostela: - Familias e nenos e nenas atendidos/as - Compoñentes e balance das reunións de Mesa Técnica - Servizos en funcionamento. Milagres Budiño Gasamáns, Coordinadora de CaixaProinfancia en Santiago de Compostela
 3. Rogos e preguntas

✚ **23 de agosto de 2017:** Incorpórase á web Compostela integra imaxes da reunión da mesa institucional do programa CAIXAPROINFANCIA de Santiago de Compostela celebrado o día 6 de xullo no CSC das Fontiñas.



✚ **18 de setembro de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Concelleira de Servizos sociais;Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios);técnico de prevención da UMAD; orientadora do IES Antonio Fraguas; orientadora do CEIP Fontiñas; orientadora CEIP Plurilingüe Monte dos Postes ;educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnicas de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnico da Fundación Secretariado Xitano, técnicas de TP Galicia:

Abórdanse as seguintes cuestións:

- 1º.- Nova programación para o vindeiro trimestre. Análise de propostas.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

Dada a valoración positiva da actividade organizada vinculada co mundo do deporte, estímase procedente deseñar accións onde a temática do deporte sexa o fío condutor. A orientadora do IES Antonio Fraguas propón a realización dunha xornada do deporte, cun marcado carácter interxeneracional. Dada a riqueza existentes no barrio de entidades deportivas de moi diversa natureza, valórase positiva a súa implicación nesta actividade dando coñecer a oferta existente no contorno inmediato: Escola de baile, xadrez, patinaxe, club deportivo, ximnasia mantemento maiores,... A idea de traer a unha figura relevante do deporte, próxima, como referente positivo de cara a realización dunha charla reflexiva destinada ao colectivo escolar e aceptada polos asistentes. De cara futuras xuntanzas continuarase afondando nesta idea. Jorge queda en explorar posibles figuras relevantes.

2º.- Concretar o destino dos fondos recadados no proxecto do "V mercadoño solidario Trócame-Roque".

Propónse utilizar estes fondos para apoiar a aqueles escolares que participando no mercado, teñan dificultades para facer fronte ao material escolar esixido. Realización de vales polo importe necesario a través de Cruz Vermella establecendo un límite de 50 €, serán derivados dende as entidades participantes nas xuntanzas comunitarias. Faise fincapé na idea de non solapar axudas concedidas para a mesma finalidade; axudas municipais, Cruz vermella,..Dende Cruz Vermella trasladan a excesiva demanda por parte dos coles de material para educación infantil demandando produtos específicos.

3º.- Outras cuestións que sexan necesarias abordar dende o contorno comunitario. Dende Abeiro traslada o interese dun particular de sumarse as xuntanzas, os asistentes trasladan a necesidade de informalo de como se traballa e de coñecer como pode enriquecer as mesmas antes de que se sume a esta iniciativa.

- ✚ **20 de setembro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:
 - Caixa Proinfancia: Obra Social "la Caixa" e Asociación ARELA
 - Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.
 - Departamentos do IES Antonio Fraguas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do CEIP Fontiñas.
 - Concellería de Educación e Cidadanía. Técnica/o do Departamento de Educación
 - Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.

Cuestións abordadas:

- Valoración dos plans de caso das familias CPI no curso 2017 -2018
- Información sobre o CPI en Compostela
- Data e hora da seguinte reunión.

✚ **28 de setembro de 2017:** Incorporárase á web compostela integra a convocatoria de axudas económicas de carácter individual que concede o Concello de Santiago de Compostela a persoas con discapacidade que, por teren gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo para proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi no ámbito territorial do termo municipal de Santiago de Compostela.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as persoas empadroadas e residentes no Concello de Santiago de Compostela, que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente a súa mobilidade impedíndolles ou dificultándolles gravemente a utilización dos transportes públicos colectivos, así como as persoas que teñan recoñecida una discapacidade visual que implique un grao de limitación na actividade igual ou superior ao 75 %, tal como dispón o artigo 32.2 da Lei 10/2014, do 3 decembro, de accesibilidade.

✚ **4 de outubro de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios);traballadora social do centro de saúde de Fontiñas; orientadora do IES Antonio Fraguas; orientadora do CEIP Fontiñas; orientadora CEIP Plurilingüe Monte dos Postes ;educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnicas de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnico da Fundación Secretariado Xitano:

Abórdanse as seguintes cuestións:

1.- Inversión dos fondos recadados no proxecto do "V mercadiño solidario Trócame-Roque". Definición dos criterios que se van a seguir para apoiar cos fondos recadados no mercadiño: residir no barrio, entendendo por barrio como o punto de atención de servizos sociais , que estuden so centros educativos do barrio (CEIP Fontiñas, CEIP monte dos Postes, IES Antonio Fraguas) e que participase no mercado. Non deben cumprirse todos o mesmo tempo: os dous primeiros son independentes no seu cumprimento.

2.- Inversión. Valoración de casos.

✚ **4 de outubro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:

- CaixaProinfancia: Obra Social "la Caixa" e Asociación ARELA.
- Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.
- Departamentos do IES Antonio Fraguas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do CEIP Fontiñas.
- Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.

Cuestións abordadas:

- Valoración dos plans de caso das familias CPI no curso 2017 -2018 e avance das propostas para o presente curso escolar
- Data e hora da seguinte reunión.

✚**10 de outubro de 2017:** Incorpórase á web compostela integra a resolución provisional das bolsas de comedor escolar por escaseza de recursos e por conciliación, do curso escolar 2017-2018, Aparecen hoxe publicados na páxina web e nos taboleiros de edictos do Concello. As listaxes aparecen ordeados por número de DNI.

O prazo para presentación de reclamacións e de 10 días a contar dende o día seguinte a súa publicación (o prazo finaliza o día 25 de outubro de 2017).

Documentación relacionada:

-Anuncio



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2017).**

- Listaxe provisional conciliación
- Listaxe provisional recursos económicos

- ✚ **16 de outubro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:
 - CaixaProinfancia: Obra Social “la Caixa” e Asociación ARELA
 - Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas
 - Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
 - Departamentos do IES Antonio Fraguas e do CEIP Fontiñas.

Cuestións abordadas:

- Valoración dos plans de caso das familias CPI no curso 2017 -2018
- Información sobre o CPI en Compostela
- Data e hora da seguinte reunión.

✚ **30 de outubro de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); orientadora do IES Antonio Fraguas; orientadora do CEIP Fontiñas; orientadora CEIP Plurilingüe Monte dos Postes ;educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnicas de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnica da Fundación Secretariado Xitano; técnico de prevención da UMAD:

Abórdanse as seguintes cuestións:

1.-Propostas para o deseño da actividade vinculada co deporte. Logo dun intenso debate acordase que o formato desta actividade será o de conferencia acompañada dun fotocoll. A idea de implicar as entidades deportivas do barrio comezará a fraguarse a través do mercadiño solidario ou coa actividade do día do deporte que se organiza Area Central.

En canto aos posible ponentes valóranse como candidatos a: Fernando Romay , a boxeadora Marta Brañas, a patinadora: Nadia Iglesias, a médico Susana Rodriguez tería que ser en xornada de tarde coa dificultade de congregar aos centros educativos de primaria. Jorge queda en coñecer os custes e a dispoñibilidade de Fernando Romay. En canto o lugar de realización valorase o espazo da EGAP como o mais idóneo. AS datas de realización serán entre o 14 de febreiro e o 31 de marzo)

2.-Derivación de novos casos, para a beca do “Mercadiño Solidario”.

Dende o centro educativo Monte dos postes realizan a derivación dun novo caso para as bolsas do Mercadiño Solidario Trócame Roque.

Valle de Cruz Vermella propón que os cartos recadados sexan investidos, refire que dende a entidade lle trasladan a gran responsabilidade que están asumindo e a necesidade de alternar esta responsabilidade entre as entidades.

Todos os presentes están de acordo coa necesidade de investir o recadado, polo que se identificarán necesidades dentro do barrio. Propostas; excursións para maiores,doazón fin social, valoracións psicopedagoxicas, atención a primeiras necesidades...

3.-Propostas sobre proxectos comunitarios a levar a cabo nos vindeiros meses. Este apartado acordase que sexa abordado na próxima xuntanza comunitaria.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

Próxima xuntanza comunitaria o vindeiro día 18/12/2017.

- ✦ **30 de outubro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:
 - CaixaProinfancia: Obra Social "la Caixa" e Asociación ARELA
 - Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas
 - Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
 - Departamentos do IES Antonio Fraguas e do CEIP Fontiñas.

Cuestións abordadas:


- Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia.
- Data e hora da seguinte reunión.

- ✦ **8 de novembro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:
 - CaixaProinfancia: Obra Social "la Caixa" e Asociación ARELA
 - Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas
 - Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
 - Departamentos do IES Antonio Fraguas e do CEIP Fontiñas.

Cuestións abordadas:

- Valoración de posibles entradas para o curso 2017- 2018
- Data e hora da seguinte reunión

- ✦ **20 de novembro de 2017:** Incorporárase á web compostela integra a participación no pleno infantil Municipal dos colexios CEIP Fontiñas e CEIP Pío XXII. Os nenos e nenas do CEIP As Fontiñas centraron as súas intervencións en enumerar unha serie de medidas necesarias para a mellora medioambiental, como a redución do consumo de auga, a separación do lixo ou a reciclaxe. Tamén apostaron os/as escolares pola compostaxe dos residuos orgánicos, a instalación de colectores de papel ou a colocación de máis papeleiras no seu centro educativo. Pola súa parte, o alumnado do CEIP Pío XII quixo remarcar a importancia dun "debate profundo sobre o dereito á educación dos nenos e nenas, tamén respecto ao dereito de participarmos na mellora na nosa calidade de vida". Neste marco, volvendo á cuestión medioambiental, apuntaron a necesidade de "combater o cambio climático, que está moi relacionado cos problemas de saúde que nos poden afectar e que xa afectan a nenos e nenas noutros lugares do mundo".



- ✦ Rematadas as intervencións, Martiño Noriega felicitou os nenos e nenas polo bo traballo realizado pero, sobre todo, quixo mostrar o seu acordo sobre o tratamento do cambio climático e a relación que ten coa saúde das persoas. Tamen neste sentido, o concelleiro de Medio Ambiente dixo sentirse "emocionado pola claridade de ideas que mostrastes sobre temas relativos á ecoloxía e eu, que fun militante do movemento ecoloxista dende hai anos, vexo que hai canteira". Comprometeuse igualmente a ter en conta as iniciativas presentadas polos rapaces e rapazas.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

✚ **28 de novembro de 2017:** Incorporárase á web compostela integra “Programa municipal de conciliación de Nadal 2017”. Este programa concíbese como un espazo educativo e de promoción do lecer, ademais de ser unha alternativa de conciliación para as familias no tempo de vacacións do Nadal.

Está dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. As actividades desenvolveranse os días 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro de 2017, e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 2018 nos CEIP As Fontiñas e CEIP Raíña Fabiola, de alcanzarse o número mínimo de participantes requirido.

Poden participar nenos e nenas empadroados no Concello de Santiago de Compostela ou que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Teñen a opción de escoller entre participar todos os días do programa ou en días soltos. A inscrición realizarase a través Rexistro Xeral do Concello de Santiago (rúa Presidente Salvador Allende, 4), cubrindo o formulario dispoñible nesta web, no Departamento de Educación e Cidadanía ou no propio rexistro. A admisión será por rigorosa orde de inscrición. O prazo de inscrición estará aberto dende o venres día 24 de novembro ata o venres 11 de decembro de 2017. O horario será de 7:45 a 16:00 horas. O servizo de madrugadores funcionará de 7:45 a 9:00 horas e poderá ser con ou sen almorzo. De 9:00 a 14:00 horas realizaranse os obradoiros e actividades. Finalmente, entre as 14:00 e as 16:00 horas, existe a posibilidade de solicitar o uso do servizo de comedor.

✚ **11 de decembro de 2017:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:

- Caixa Proinfancia: Obra Social “la Caixa” e Asociación ARELA
- Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas
- Asociación Abeiro, entidade social
- Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- Departamentos do IES Antonio Fraguas , CEIP Monte dos Postes e do CEIP Fontiñas.

Cuestións abordadas:

- ✚ Información sobre o CPI en Compostela
- ✚ Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia
- ✚ Data e hora da seguinte reunión

✚ **18 de decembro de 2017:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. ASISTENTES: Traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); orientadora do IES Antonio Fraguas; orientadora do CEIP Fontiñas; orientadora CEIP Plurilingüe Monte dos Postes ;educadora do Programa de atención a Familia Abeiro; coordinadora do Centro de Día Arela e técnica da Fundación Secretariado Xitano.

Cuestións abordadas:

1.-Presentación do Programa Apego: programa desenvolvido polo Concello dende o Departamento de Normalización Lingüística. Presentación do programa “APEGO” realizada pola técnica do departamento de lingua do Concello. Apego é un programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial. Apego vai dirixido ás familias que se están a preparar para



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2017).

a chegada dun novo membro e tamén ás que teñen nenos e nenas ata 6 anos. Pretende axudar á socialización en galego e propoñer o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia, para asentar o arraigo a esta terra, porque a lingua que mamamos, na que aprendemos a falar, vai ser a base da identidade futura do voso fillo ou da vosa filla. A lingua de cada pobo é un tesouro irrepetible e tamén é a cerna que lle permite existir e descubrir o mundo. Únete a nós no Apego, porque cremos no noso futuro. Presentación da actividades que se desenvolven dentro deste proxecto con carácter mensual a través dun folleto. Refire en todo momento a paxina : <http://apego.gal>.

Presentación de "YUTUBEIROS" : nace coa vontade de promover e visibilizar o uso do galego con vídeos de opinión e videotutoriais a través dunha das redes sociais máis influíntes do momento, YouTube. Nesta era dixital @s youtubeir@s viñeron para quedarse e pisan forte apropiándose do temas que máis @s identifican e compartindo ao seu paso un sen fin de creatividade, diversidade e sabedoría.

2.-Estado de contas das becas do "Mercadiño Solidario", derivación de novos casos. Presentación do estado de contas facilitada dende de Cruz Vermella. Total do gasto realizado ata o momento: 542,42€. Realizaranse novas derivacións na medida en que se detecten necesidades.

Plantexase a posibilidade de imputar a este proxecto o acondicionamento dunha vivenda dunha familia coñecida polas entidades do barrio, limitando a inversión a realizar. Os asistentes valoran realizar esta inversión, sempre de forma supervisada.

3.-Avances no proxecto vinculado co deporte. Trasládase que a figura de Romay non sería un posible candidato para este proxecto, valorase como outra opción: Marta Braña (boxeadora) ou a patinadora Nadia Iglesias.

4.-Outras suxestións que sexan precisas abordar dende o ámbito comunitario. A traballador social de saúde plantexa a posibilidade de retomar actividades coa terceira idade para o cal se realizará unha convocatoria específica para o mes de xaneiro para abordar este tema na que se convidarán as entidades do barrio que traballen con este colectivo.

Próxima xuntanza 22 de xaneiro de 2018, as 10:00h, de seguido manterase xuntanza específica sobre a terceira idade.